

Desprezábel putañeiro de nenas inocentes:

Gustábame correr entre as goiabeiras detrás de Evens, o meu irmán pequeno. Xogabamos a facer axóuxeres con paus e bagas que colliamos da árbore dos algodóns, baixo o que construíamos unha cabana para agocharnos do mundo, naquel bosque engaiolado onde o vento nos marmuraba ó ouvido os segredos da mai natureza. Encantábanos tamén correr pola praia. O sol debuxaba baixo as palmeiras figuras sobre a area, e nós tiñamos que adiviñar a que se parecían. A nosa pel estaba feita de sal e auga, e a nosa mirada era brillante coma as escamas das sardiñas. Os sábados iamos coa mamá ó mercado de Porto Príncipe. No seu pequeno posto vendía xirelos, pragos e tilapias que o papai pescaba. Non nos ía mal porque nunca nada nos faltou, e iso permitíanos ir á escola. Eu desexaba ser mestra, e poder ensinar a ler a outros nenos, como a señorita Esther facía con nós no vello e comesto edificio de *Jean Dans* . Mais todos os soños e ilusións se esvaeceron cando irrumpiches nas nosas vidas, como un endiañado ciclón que desvasta todo ó seu paso. Era un sábado de xuño. Recordo aínda aquel sol queimándome nas pernas e aquel vento húmido que facía remuíños co meu pelo. Evens corría entre os postos mentres eu ía tras del, cando de súpeto un home alto e gordo saíu dunha esquina, colleume con forza e tapou con furia a miña boca para que non puidese berrar. O cheiro da súa roupa a suor e a negrura das súas mans quedaron gravados a lume no meu recordo. Tratei de chamar por Evens, pola mamá, por quen conseguise oírme, pero todo foi tan rápido que cando quixen reaccionar, estaba nunha vella camioneta con outras tres meniñas asustadas coma min. A máis pequeniña tiña un pociña de ouriños ó seu lado, e choraba seguido pronunciando un nome de muller, que ben entendín que era a súa mai. Tiñamos todas ollos tristes, e os nosos corpos tremían coma as goiabeiras na época das chuvias, cando o vento as empuxa esnafrando contra elas a súa rabia. Chegamos a unha casa pestilente onde había máis raparigas coma nós, con esas miradas perdidas e os ollos afogados polas bágoas. Varios homes espíronnos e miráronnos entre risas lascivas, bromeando co que pagarían por cada unha de nós. Ti eras un deles, ou todos, porque cada un de vós formabades parte dun monstro enorme que ía degolirnos para sempre. Sentín medo, tanto que me viñeron fortes arcadas e tamén mexei por min. Acababa de entender todo o que estaba acontecendo, e a monstruosidade que estaba por vir. A friaxe e o pavor deixáronme paralizada. Tratába de tapar coas miñas minúsculas mans os peitos que torrara o sol nos paseos con Evens pola praia, pero ti malláchesme porque non quería mostrar as carnes coas que te lucrarías sen eu dar consentimento. Anne, que era como se chamaba a pequeniña, seguía a chorar desconsoladamente, e ti décheslle unha pancada tan forte no ventre, que alí quedou a

cativa encollida de dolor sobre o frío chan de pedra, empapada no salitre dos seus choros. Subístesnos a un barco no que tamén viaxaban mulleres que tiñan, como nós, miradas perdidas de tristeza e desconsolo. Foron días durísimos. O mar, que antes tanto amaba, converteríase no noso cadaleito cando a foula borraxe o noso recordo.

Despois de varios días, famélicas e maltratadas polos nosos secuestradores, chegamos a Europa, onde nos repartiron por distintos prostíbulos, nos que afogariamos as ganas de sexo dos ricos homes sen escrúpulos. As nenas coma min eramos a *mercancía* máis prezada e mellor pagada, pois os nosos corpos aínda non foran campos de batalla, sendo a virxindade o principal motivo do cruel futuro que nos agardaba. Repartíronnos por distintos cuartos, e alí comezou, noite tras noite, o cruento espolio das nosas vidas, dos nosos corpos, dos nosos soños, e da nosa dignidade.

Durante moito tempo a miña pel cheirou ó seme dos innumerables homes que ti mandabas ao meu leito, desexosos todos dun corpo extenuado de loitar, que fuxía sobre as sabas, unha e outra vez, como cobra esvaradiza. Os meus poros son só a suma de centos de combates, e milleiros de desprezos que esculpiron na miña alma de cativa só dor, friaxe e humidade. Cando oía vir pasos polas escaleiras, as miñas pernas anicábanse de medo, e a barriga tornábase un nó imposible de desatar. E así pasaron moitos anos, sen os aloumiños da mamá ou as cálidas palabras do papai.

Por sorte nós si formos liberadas, pero outras seguirán cativas pagando o alto prezo de ter nacido muller nun mundo onde seguen a usarnos como moeda de cambio. Mais aquí si hai un culpable, e es ti, desprezable putañoiro; o que secuestras, o que transportas, pero tamén o occidental que pagas uns servizos, e que pensas que ese pago te exime de culpas e condenas. Se aínda che queda dignidade, deixa de ir ós clubs, de crer que lexitimas cos teus cartos podres o secuestro de nenas e mulleres inocentes, porque es tan culpable como o mafioso que está detrás da trama da vergoña. Sen ti, cómplice calado e egoísta, e sen o teu diñeiro lixado de deshonra, non habería explotación sexual. Ti, e só ti, es o verdadeiro culpable, o que co seu desexo lascivo move a roda da prostitución, que se pon en órbita cada vez que abres a túa porca billeteira e demandas os favores sexuais dunha muller ou dunha nena. Ti es a verdadeira causa de que sexan apartadas de quen as quere de verdade, das súas mais, dos seus fillos, dos seus irmáns, e do lugar onde elas querían crecer libres e felices. Só ti es o culpable!

A todos os putañoiros que manteñen a máquina da escoura

